



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



# OPEN AUTONÓMICO SALMÓNIDOS LANCE DÚOS COUTO DE CIRA – RÍO ULLA

1 de xullo do 2023

## Asistencia Deportistas:

As inscricións faranse na Delegación Provincial da FGPeC na Coruña ([delegadocoruna@fgpesca.org](mailto:delegadocoruna@fgpesca.org)). A data linde de inscrición é o **22 de xuño do 2023**. A Organización fixa unha cota de inscrición de **40 euros** por dúo, que deberá ser ingresada na conta da FGPeC número **ES34 2080 0176 9630 4001 0672**, antes de finalizar o prazo de inscrición.

**OS TRES PRIMEIROS DÚOS CLASIFICADOS FORMARÁN A SELECCIÓN QUE REPRESENTA A GALICIA NO CAMPIONATO DE ESPAÑA DA ESPECIALIDAD DO ANO 2024.**

## PROGRAMA

07:30 horas	Concentración dos participantes na Ponte Olveira. Sorteo de dorsais e entrega de documentación
08:30 “	Inicio da 1ª manga
10:30 “	Finaliza a primeira quenda. Cambio de pescadores e controis.
11:15 “	Inicio segunda quenda.
13:15 “	Fin da 1ª manga.
DESCANSO	
15:15 “	Inicio da 2ª manga
17:15 “	Finaliza a primeira quenda. Cambio de pescadores e controis.
18:00 “	Inicio segunda quenda
20:00 “	Fin da competición
20:15 a 20:30	Entrega de plicas.

Feita e confirmada a clasificación, entrega de trofeos e peche da competición.



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



## BASES

O deportista, só poderá ter unha cana en acción de pesca. Non obstante, poderá dispoñer dunha ou máis canas de reposto.

Para a extracción da captura e a súa posterior presentación ó control, deberá facer uso dun trueiro ou semellante, cuxa lonxitude totalmente estendida non supere os 122 cm. A rede desta, deberá ser de algodón ou outro material non abrasivo.

A adxudicación dos tramos farase por sorteo directo, feito en tempo e forma, para garantir a chegada a tempo, para o inicio da proba, de tódolos deportistas aos seus respectivos tramos.

A reunión dos Pescadores cos Controis farase xunto á táboa que sinala o inicio do tramo.

### Material permitido:

**Canas.** De uso comercial, cuxa lonxitude non exceda de 366 cm. (12 pes).

**Carretes.** De uso opcional sexa manual ou automático, de bobina fixa ou xiratoria.

**Sedelas.** Exclusivamente de monofiamento nos seus diferentes tipos e grosos.

**Moscas:** As moscas lastradas, sempre e cando o lastre quede tapado polo revestimento, que debe imitar algunha parte morfolóxica, ou formar parte da súa propia estrutura. O revestimento por pintura non se considera como tal. Autorízase unha única perla ou boliña visible por imitación, cuxa dimensión máxima non exceda de 4 mm.

**Anzois:** Os anzois, tanto das moscas como das culleriñas deberán estar desprovistos de arponciño ou semellante, ou ben telo totalmente inutilizado, de xeito que non fagan resistencia algunha á retirada do anzol.

**Cebos:** Autorízanse o “streamer” e as moscas artificiais flotantes ou afundidas que imiten calquera das fases do ciclo vital do insecto imitado (larva, ninfa, sub-imago e imago), montadas sobre anzois simples. Un máximo de tres moscas artificiais co uso da boia ou buldo (fitos na sedela ou baixo de liña)

**Culleriñas:** xiratorias ou ondulantes simples en calquera das súas variantes e cun só anzol, pero sen plumas, pelos, la, etc.



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



### **Non se permite:**

**Utilizar boias ou buldos corredizos sobre a sedela ou baixo de liña. Terán que estar anoados á mesma, sen posibilidade algunha de deslizarse nin de afundirse. En acción de pesca a boia ou buldo debe estar sempre visible sobre a auga, nunca baixo a auga.**

Ao longo da proba, calquera control pode pedir a exame os aparellos de pesca dun pescador.

No caso dun deportista que non se presente á competición unha vez inscrito, elevarase a acta da competición ao Comité de Disciplina. O deportista que abandone a proba ou a acción de pesca, antes da hora oficial, perderá o dereito a súa clasificación e o seu dúo quedará excluído da proba.

Para calquera outra norma non descrita anteriormente aterémonos ao que resolva o xuíz da proba.

Serán válidas tódalas capturas. As pezas que medidas dende a punta do fuciño ata a punta do rabo teñan 16 ou menos centímetros, contarán todas coma de 16. As capturas que midan máis de 16 cm e non superen os 17 computarán coma de 17 cm. Os exemplares que superen os 17 cm, sen ter máis de 18, puntuarán coma de 18.

Na última manga do día tanto os deportistas que pesquen un tramo coma os deportistas que o controlen, serán responsables de recoller cintas e indicador do tramo. O que pesquen ou controlen o tramo un, serán responsables da retirada das cintas e indicadores de fin de tramos. Os que pesquen ou controlen o dous retirarán o un. Os que pesquen ou controlen o tres retirarán o dous. E así sucesivamente ata o último tramo, que deberán retirar cintas e indicador do seu tramo e do tramo inmediatamente superior. O material recollido debe ser entregado á organización xunto coas plicas. A quen incumpra esta obriga poráselle un cero nesa manga, tanto aos pescadores coma aos controis.

### **CLASIFICACIÓN**

A clasificación farase de forma individual en cada unha das dúas mangas, sumando os postos obtidos aos da súa parella, facendo así unha clasificación dos dúos por mangas.

EXEMPLO: O dúo formado polo pescador 1 e o pescador 2

O pescador 1 na primeira manga fai un posto 10 na clasificación individual.

O pescador 2 na primeira manga fai un posto 7 na clasificación individual.



Federación Galega de Pesca e Casting  
Praza Agustín Díaz 1  
Complejo Deportivo de Elviña, Local 5  
15008 a Coruña  
[www.fgpesca.org](http://www.fgpesca.org)  
[federación@fgpesca.org](mailto:federación@fgpesca.org)



Polo tanto na primeira manga o dúo tería 17 puntos (10+7). Facéndose tamén así na segunda manga.

Da suma dos puntos do dúo nas dúas mangas sairá a clasificación final ordenándose os puntos de menor a maior.

En caso de empate, desempatarase: primeiro polo número de capturas, despois pola captura máis grande e, de persistir o empate, polo número de dorsal máis baixo.

Queda terminantemente prohibido o consumo de tabaco no transcurso de tódalas competicións oficiais organizadas pola Federación Galega de Pesca e Casting, dende a entrada aos postos ata o final da proba, establecéndose as correspondentes sancións, se é o caso, para quen as incumpra.

Os deportistas terán un prazo de 30 minutos, a contar dende o remate da quenda de pesca, para enviar foto da plica ao número de teléfono que se lles indicará no momento do sorteo. Esgotado ese prazo sen recibir novas da plica, nesa quenda o deportista interesado puntuará cero.

No tempo que os deportistas estean pescando ou controlando, non poderá acceder aos tramos ningunha outra persoa, teña ou non relación con eles, agás o xuíz e os membros da organización. Se algún dos dous (deportista ou control) se decatase da presenza de terceiras persoas no tramo de pesca, deberán facelo constar na plica como incidencia. De non facelo así e a organización ter probas fidedignas de que houbo outras persoas no tramo mentres se desenvolvía a manga, quedarán fóra da clasificación desa proba tanto o deportista coma o control.

Os deportistas participantes, e os clubs polos que compitan, deberán estar ao corrente das súas obrigas coa Federación Galega de Pesca e Casting.

A capacidade máxima do escenario quedo establecida en 24 dúos (12 tramos)

A organización non servirá nin fará servir ningunha sorte de avituallamento.

Alterar ou entorpecer o normal desenvolvemento da proba será motivo de expulsión inmediata da mesma

Inscribirse nesta competición significa aceptar ser incluído no grupo de wassap da mesma sen previa solicitude de autorización.

**Asinado: D. Juan Ramiro Agra Requeijo**  
**Presidente do Comité de Salmónidos da FGPeC**